

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	4 de novembro de 2021
Duración	Desde as 20:44 ata as 21:32 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^{re} DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE OUTUBRO DE 2021

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de outubro de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 21 DE OUTUBRO DE 2021

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 21 de outubro de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 4792/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á AUTORIZACIÓN DE DESIGNACIÓN PROVISORIA DE COMPATIBILIDADE

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto M.**



Blanco Carracedo, quen empeza dicindo que estamos ante o recoñecemento da compatibilidade provisional dun traballador deste Concello para que poida exercer as funcións da xerencia da Fundación Cultural, tendo como antecedentes o acordo adoptado polo Padroado da Fundación Cultural da Estrada. En definitiva, o que se propón neste punto é o seguinte: primeiro, tomar razón do unánime acordo adoptado polo Padroado da Fundación Cultural da Estrada na súa sesión celebrada o día 01/10/2021, relativo á designación provisoria do traballador municipal D. Diego Pernas Fernández para desenvolver as funcións de xerente das áreas de Formación e aestrada dixital_senfios; Segundo, autorizar a dita designación provisoria da compatibilidade a prol do traballador mencionado, exclusivamente ata que se nomee persoa para ocupar dito cargo conforme ao disposto nos seus Estatutos reitores; e Terceiro, comunicar este acordo plenario á Fundación Cultural da Estrada, para coñecemento e efectos.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para queixarse, en primeiro lugar, pola falta de asuntos incluídos na orde do día desta sesión, sinal da falta da capacidade do grupo de goberno. Centrándose no asunto que se está a tratar, traslada que o seu grupo votará a favor, desexando ao traballador Diego Pernas a maior das sortes no exercicio desas tarefas.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que o seu grupo votará a favor deste asunto.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, transmitindo que tamén votará a favor.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 25/10/2021, en relación con el asunto que se trata a continuación.

Visto que a Fundación Cultural da Estrada constituíse en escritura pública de data 09/06/1994 e, posteriores modificados en data 05/08/2004 e 21/12/2020, téndose incorporada ao protocolo da Notaria Dna. Carmen Alicia Calaza López.

Visto que a devandita Fundación foi clasificada como entidade sen ánimo de lucro de interese galego por Orde do DOGA de data 15/05/1995 da Consellería de Cultura, que exercera plenamente o protectorado sobre ela.

Visto que, entre outros fins, ten por obxecto destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial á que a súa denominación e fins se contraen. En xeral, son fins da Fundación:

- A promoción e difusión de actividades culturais.
- A promoción, difusión e defensa da lingua galega.
- A promoción de actividades educativas e formativas.
- A contribución e fomento da sociedade da información e do coñecemento e a implantación tecnolóxica que facilite este fin como a instalación e explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.
- A investigación científica.
- Diseñar, promover e realizar, de forma directa ou concertada, programas



de integración social, prestacións sociais, promoción económica e fomento do emprego e todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello da Estrada leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa Política Social, de Asistencia social e Axuda Humanitaria, de Promoción e Desenvolvemento Económico e Empresarial, e de Emprego

- Calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento destas actividades na Estrada e no seu ámbito de actuación.

Visto que o Concello da Estrada foi membro fundador da mesma.

Visto que este Concello, a través do seu Alcalde e doutros membros do Pleno, integran o Padroado (máximo órgano de decisión e goberno) da indicada Fundación.

Visto que, entre outras funcións, o Presidente ten a facultade de propoñer ao Padroado o nomeamento dos ou das Xerentes das distintas actividades, sendo estes órganos necesarios para o normal desenvolvemento das actividades que lle son propias.

Visto que o nomeamento das ou dos xerentes compete ao padroado.

Visto que, en data 14/09/2021, causou baixa na Fundación o xerente das actividades de formación e aestradadixital_senfios.

Visto que o Padroado, en sesión de data 01/10/2021, acordou, por unanimidade, nomear ao traballador municipal D. Diego Pernas Fernández (Técnico Informático, persoal laboral indefinido non fixo), para atender aos asuntos das xerencias antes mencionadas, mentres non se cubra este posto, e previos os trámites oportunos.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 28/10/2021.

Tendo en conta todos os antecedentes nomeados e á vista do debatido nesta sesión adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Tomar razón do unánime acordo adoptado polo Padroado da Fundación Cultural da Estrada na súa sesión celebrada o día 01/10/2021, relativo á designación provisoria do traballador municipal D. Diego Pernas Fernández para desenvolver as funcións de xerente das áreas de Formación e aestradadixital_senfios.

Segundo.- Autorizar a dita designación provisoria da compatibilidade a prol do traballador mencionado, exclusivamente ata que se nomee persoa para ocupar dito cargo conforme ao disposto nos seus Estatutos reitores.

Terceiro.- Comunicar este acordo plenario á Fundación Cultural da Estrada, para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Notificar este acordo plenario ao interesado, para coñecemento e efectos; e dar traslado do mesmo ao departamento Municipal de Persoal para a preceptiva inscrición no correspondente rexistro de Persoal.

Expediente 4943/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN RELATIVO Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS MOTIVADA POLA



CELEBRACIÓN O VINDEIRO 25 DE NOVEMBRO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Explica o asunto a tratar a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, para elo comeza dicindo que, como é habitual nestas datas, os grupos políticos municipais elaboran conxuntamente unha moción con motivo da celebración o vindeiro 25 deste mes do “Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”, moción que intenta demostrar a unidade institucional para loitar contra esta lacra social que padece a nosa sociedade. Quere destacar todas as tarefas e talleres que se fan dende o CIM nos centros educativos de primaria e secundaria co fin de acadar unha sociedade máis igualitaria. A continuación pasa a dar lectura á moción elaborada, antes agradecendo a todos os grupos da oposición polas súas aportacións e traballo á hora da redacción da mesma,:

“Os grupos municipais que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada reiteran, en primeiro lugar e un ano máis, a súa firme condena de calquera expresión de violencia contra as mulleres, e de todas e cada unha das súas manifestacións.

De igual modo, manifestamos a nosa solidariedade coas mulleres vítimas da violencia machista, transmitindo todo o noso apoio a elas, aos seus fillos e fillas e familiares.

Xa na IV Conferencia Mundial sobre as mulleres en Bejing, en 1995, reconeceuse que a violencia exercidas contra as mulleres é un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos, que impide que as mulleres gocen dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais.

A erradicación e eliminación da violencia exercida contra as mulleres é un mandato normativo derivado dos tratados internacionais de Nacións Unidas e da Unión Europea, ratificados polo Estado Español, polo que debe de ser tratada coa máxima prioridade nas axendas das distintas Administracións Públicas como garantes dos dereitos das mulleres.

Atendendo ao anteriormente exposto e referido en concreto ao ámbito europeo, entendemos necesario traballar para que o delito de violencia de xénero sexa harmonizado en toda a Unión Europea para darlle una resposta común a un problema que lle afecta a todos os países pertencentes a Unión Europea.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero, validado por unanimidade, supuxo un claro avance, logrando unir a todas as forzas políticas e institucionais do país para mellorar a situación das mulleres vítimas e para loitar contra unha situación indigna para calquera sociedade, establecendo estratexias de sensibilización e prevención, atención, asesoramento, acompañamento e protección, sempre desde perspectivas integrais en todos os ámbitos, tales como o laboral, o educativo, o sanitario, o xurídico, o policial e o social.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitar contra ese fenómeno, tales como os avances legislativos reconecidos e recollidos na la Lei Orgánica 8/2021, de 4 de e xuño, de protección integral da infancia e adolescencia fronte á violencia; e na modificación do pasado 21 de setembro de 2021 á galega Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para incluír dentro do concepto de violencia de xénero a violencia vicaria ou violencia por interposita persoa, entendida esta como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así



como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela coa finalidade de causarlle maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.

Con esta importante modificación pódese outorgar, con carácter retroactivo, o estatuto de vítima de violencia de xénero ás mulleres que no pasado sufriron esta violencia vicaria, un acto tan terrible cuxa única finalidade é a de causar o maior sufrimento psicolóxico e na saúde da muller.

Non podemos esquecer, que no que vai de ano 2021, contabilizáronse un total de 36 mulleres vítimas mortais (datos actualizados ao 13 de outubro) e 5 casos de menores tamén vítimas mortais (datos actualizados ao 16 de setembro).

Desde o ano 2013 (ano no que se empezaron a contabilizar estas cifras), contabilízanse 42 menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai, 42 mulleres vítimas desa terrible e sangrante violencia vicaria

Tamén debemos poñer o foco de atención en que desde que se desatou o brote de COVID-19, os novos datos e informes que presentan quen está en primeira liña revelan que se intensificou todo tipo de violencia contra as mulleres e as nenas, sobre todo, a violencia no fogar. Acabar coa violencia contra as mulleres é un asunto de todos. Por iso, debemos unirnos e actuar, é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución competencial en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica a multitude de axentes.

Por todo o anterior, os grupos políticos integrantes do Pleno do Concello de A Estrada ACORDAN:

Instar ao Goberno do Estado a:

- A un maior desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, normativa de unidade e consenso a fin ir desenvolvendo os diferentes eixes recollidos no mesmo, poñendo os medios de todo tipo que sexan necesarios.*
- Que por parte do Ministerio de Igualdade, se manteñan os importes das transferencias ás entidades locais do Pacto de Estado deste último ano.*
- Ampliar e facer extensivos os apoios psicosociais e dereitos laborais, as prestacións da Seguridade Social, así como os dereitos económicos existentes nas medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a quen padece violencia sexual ou violencia vicaria.*

Instar ao Goberno Galego a:

- Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero .

- Ampliar e facer extensivos, nas súas competencias, os apoios psicosociais, laborais, e económicos ás vítimas de violencia sexual ou violencia vicaria.

Os grupos políticos que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada comprométese a:

- Desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a nosa poboación, especialmente a mocidade, a fin de intentar erradicar actos de calquera tipo de violencia contra as mulleres., fundamentalmente na toma de conciencia dos chamados micromachismos, a*



fin de que se tome conciencia deses pequenos e aparentemente pequenos machismos que, ao fin de contas, supoñen unha agresión contra as mulleres e a súa dignidade e liberdade

.- Actualizar aquelas ferramentas de traballo e información que poidan axudar e facilitar ás mulleres o seu empoderamento, para que poidan desenvolver os seus proxectos en igualdade de condicións.”

Pide a palabra o voceiro do partido socialista, **D. Luís López Bueno**, agradecendo, en primeiro lugar, a todos os membros desta corporación polo seu entendemento á hora de chegar á redacción desta moción conxunta, sendo moi importante que esta corporación dea unha imaxe de unidade ao respecto deste tema e así, a nosa veciñanza estea convencida que na nosa sociedade non ten cabida ningún tipo de comportamento machista e ningún tipo de violencia de xénero. Sen embargo, considera que isto non é suficiente, xa que é preciso que a corporación aplique os compromisos aos que imos a chegar hoxe, facendo especial mención aos avances significativos que está a facer o goberno do Estado, pero considera necesario o dotar de medios materiais para loitar con esta lacra de violencia contra a muller.

Continúa agradecendo ao Partido Popular polos esforzos que fai en certas ocasións separándose da liña marcada polo seu partido e entenda que este tipo de cuestións son importantes, porque no Parlamento Europeo non se pronunciaron sobre este asunto cando foi a votación.

Di que é importante que a corporación mostre unidade sobre este tema e darlle visibilidade suficiente a este problema social, sobre todo no ámbito da Estrada, polo tanto o seu grupo votará a favor.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, agradecendo aos outros grupos políticos municipais polo aportado para chegar a un acordo unánime na elaboración desta moción contra a violencia machista, por considerar positivo estar de acordo nun tema tan importante. Fai fincapé na importancia de facer visible a existencia dos micro machismos, os cales son o paso, moitas veces, á morte das mulleres maltratadas e, incluso, dos seus fillos e fillas, sendo importante mostrar a tolerancia cero para acadar rachar esa pirámide dende a base. Finaliza mostrando o seu voto a favor da aprobación desta moción.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, dicindo que é un dato moi positivo que todos os grupos estean de acordo nun tema tan importante como o que estamos a tratar, sendo un paso adiante de cara á eliminación desta problemática e á súa visualización; de feito estamos a ver a que calquera paso que se dea é importante, polo que hai que continuar e actuar dende a educación e así concienciar ás xeracións máis xoves porque, ao fin e ao cabo, son elas as que terán que aplicar todos os acordos aos que se cheguen, ademais de que vexan que é unha cuestión de conciencia e de respecto entre seres humanos.

E, polo dito, votará a favor.

O **Sr. Alcalde** di que é satisfactorio chegar a acordos unánimes en cuestións tan importantes como esta, e así o Concello da Estrada é un exemplo de que todos os grupos, independentemente da súa ideoloxía política, son capaces de chegar a un acordo en asuntos tan importantes para a nosa sociedade.

Procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:



Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación en sesión celebrada o 28/10/2021.

Vista a moción conxunta de todos os grupos políticos municipais, elaboradora con motivo da celebrada o vindeiro 25 de novembro de 2021 do “Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller”, que se transcribe a continuación:

“Os grupos municipais que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada reiteran, en primeiro lugar e un ano máis, a súa firme condena de calquera expresión de violencia contra as mulleres, e de todas e cada unha das súas manifestacións.

De igual modo, manifestamos a nosa solidariedade coas mulleres vítimas da violencia machista, transmitindo todo o noso apoio a elas, aos seus fillos e fillas e familiares.

Xa na IV Conferencia Mundial sobre as mulleres en Beijing, en 1995, recoñeceuse que a violencia exercidas contra as mulleres é un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos, que impide que as mulleres gocen dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais.

A erradicación e eliminación da violencia exercida contra as mulleres é un mandato normativo derivado dos tratados internacionais de Nacións Unidas e da Unión Europea, ratificados polo Estado Español, polo que debe de ser tratada coa máxima prioridade nas axendas das distintas Administracións Públicas como garantes dos dereitos das mulleres.

Atendendo ao anteriormente exposto e referido en concreto ao ámbito europeo, entendemos necesario traballar para que o delito de violencia de xénero sexa harmonizado en toda a Unión Europea para darlle una resposta común a un problema que lle afecta a todos os países pertencentes a Unión Europea.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero, validado por unanimidade, supuxo un claro avance, logrando unir a todas as forzas políticas e institucionais do país para mellorar a situación das mulleres vítimas e para loitar contra unha situación indigna para calquera sociedade, establecendo estratexias de sensibilización e prevención, atención, asesoramento, acompañamento e protección, sempre desde perspectivas integrais en todos os ámbitos, tales como o laboral, o educativo, o sanitario, o xurídico, o policial e o social.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitar contra ese fenómeno, tales como os avances legislativos recoñecidos e recollidos na la Lei Orgánica 8/2021, de 4 de e xuño, de protección integral da infancia e adolescencia fronte á violencia; e na modificación do pasado 21 de setembro de 2021 á galega Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para incluír dentro do concepto de violencia de xénero a violencia vicaria ou violencia por interposita persoa, entendida esta como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela coa finalidade de causarlle maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.

Con esta importante modificación pódese outorgar, con carácter retroactivo, o estatuto de vítima de violencia de xénero ás mulleres que no pasado



sufriron esta violencia vicaria, un acto tan terrible cuxa única finalidade é a de causar o maior sufrimento psicolóxico e na saúde da muller.

Non podemos esquecer, que no que vai de ano 2021, contabilizáronse un total de 36 mulleres vítimas mortais (datos actualizados ao 13 de outubro) e 5 casos de menores tamén vítimas mortais (datos actualizados ao 16 de setembro).

Desde o ano 2013 (ano no que se empezaron a contabilizar estas cifras), contabilízanse 42 menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai, 42 mulleres vítimas desa terrible e sangrante violencia vicaria

Tamén debemos poñer o foco de atención en que desde que se desatou o brote de COVID-19, os novos datos e informes que presentan quen está en primeira liña revelan que se intensificou todo tipo de violencia contra as mulleres e as nenas, sobre todo, a violencia no fogar. Acabar coa violencia contra as mulleres é un asunto de todos. Por iso, debemos unírnos e actuar, é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución competencial en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica a multitude de axentes.

Por todo o anterior, os grupos políticos integrantes do Pleno do Concello de A Estrada ACORDAN:

Instar ao Goberno do Estado a:

- A un maior desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, normativa de unidade e consenso a fin ir desenvolvendo os diferentes eixes recollidos no mesmo, poñendo os medios de todo tipo que sexan necesarios.

- Que por parte do Ministerio de Igualdade, se manteñan os importes das transferencias ás entidades locais do Pacto de Estado deste último ano.

-Ampliar e facer extensivos os apoios psicosociais e dereitos laborais, as prestacións da Seguridade Social, así como os dereitos económicos existentes nas medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a quen padecese violencia sexual ou violencia vicaria.

Instar ao Goberno Galego a:

-Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero .

-Ampliar e facer extensivos, nas súas competencias, os apoios psicosociais, laborais, e económicos ás vítimas de violencia sexual ou violencia vicaria.

Os grupos políticos que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada comprométese a:

- Desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a nosa poboación, especialmente a mocidade, a fin de intentar erradicar actos de calquera tipo de violencia contra as mulleres., fundamentalmente na toma de conciencia dos chamados micromachismos, a fin de que se tome conciencia deses pequenos e aparentemente pequenos machismos que, ao fin de contas, supoñen unha agresión contra as mulleres e a súa dignidade e liberdade



.- Actualizar aquelas ferramentas de traballo e información que poidan axudar e facilitar ás mulleres o seu empoderamento, para que poidan desenvolver os seus proxectos en igualdade de condicións."

Á vista do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Instar ao Goberno do Estado a:

- A un maior desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, normativa de unidade e consenso a fin ir desenvolvendo os diferentes eixes recollidos no mesmo, poñendo os medios de todo tipo que sexan necesarios.
- Que por parte do Ministerio de Igualdade, se manteñan os importes das transferencias ás entidades locais do Pacto de Estado deste último ano.
- Ampliar e facer extensivos os apoios psicosociais e dereitos laborais, as prestacións da Seguridade Social, así como os dereitos económicos existentes nas medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a quen padece violencia sexual ou violencia vicaria.

Segundo.- Instar ao Goberno Galego a:

- Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero .
- -Ampliar e facer extensivos, nas súas competencias, os apoios psicosociais, laborais, e económicos ás vítimas de violencia sexual ou violencia vicaria.

Terceiro.- Asumir o compromiso por parte de todos os grupos políticos municipais a:

- Desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a nosa poboación, especialmente a mocidade, a fin de intentar erradicar actos de calquera tipo de violencia contra as mulleres., fundamentalmente na toma de conciencia dos chamados micromachismos, a fin de que se tome conciencia deses pequenos e aparentemente pequenos machismos que, ao fin de contas, supoñen unha agresión contra as mulleres e a súa dignidade e liberdade
- Actualizar aquelas ferramentas de traballo e información que poidan axudar e facilitar ás mulleres o seu empoderamento, para que poidan desenvolver os seus proxectos en igualdade de condicións.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos municipais quere presentar algunha moción de urxencia; non habendo continúase co desenvolvemento normal da orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL





DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE OUTUBRO DE 2021 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de outubro de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-1178 ao número 2021-1246 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda de rogos e preguntas o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, quen comenza trasladando a solicitude do CEIP de Codeseda para que se proceda ao desbroce do espazo existente entre o colexio e o seu pavillón de deportes, así como a necesidade de papeleiras; polo que tamén pide que dende o Concello se poñan en contacto co dito centro de ensino para saber cales son as súas necesidades.

Continúa lembrando que na sesión plenaria pasada o seu grupo fixo unha pregunta en relación coa Tesoureira, e o grupo de goberno mentiu ao contestar que, ante a súa renuncia ao posto, non se depuxera novamente, sen embargo, mediante Decreto da Alcaldía, volveuse a nomear; polo que pregunta se xa se solucionou ese asunto e se solicitou un novo Tesoureiro para ocupar ese posto.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que a persoa que estaba a ocupar o posto ata de agora presentou hoxe o escrito de renuncia ao posto e, dende fai tres semanas, solicitouse á Xunta de Galicia que se cubrixa a praza de forma oficial por parte da Dirección Xeral de Administración Local mediante un Tesoureiro accidental ou ben a través do concurso que se está celebrar e que rematará a finais do mes de novembro.

Pregunta o **Sr. López Bueno** quen cubrirá a praza mentres non se cubra a praza.

Contesta o **Sr. Alcalde** que nestes momento non se conta con moitas persoas para elo, porque se trata dun Habilitado de carácter nacional, polo que é unha cuestión que se terá que resolver e encaixar dentro da normativa, aclarando que o nomeamento deste postos lle corresponde á Dirección Xeral de Administración Local e, polo tanto, non lle corresponde ao Concello, sendo a única obriga o comunicalo ao dito organismo e, no caso que non sexan capaces de cubri-la praza, a única solución sería optar a unha interinidade.

Continúa o **Sr. Lopez Bueno** preguntando ao grupo de goberno se en xaneiro do 2022 entrará en vigor a modificación do RPT o a primeira RPT, xa que lle consta que está no departamento de Secretaría para ser informada.

O **Sr. Alcalde** lle sorprende que o voceiro socialista non teña máis información, porque a RPT está en vigor dende que foi aprobada definitivamente; en canto á súa modificación, di que está ditaminada, traballada e consensuada pola Mesa de



Negociación e aínda non está trasladada a Secretaría nin a Intervención para o seu informe, porque se está a seguir os prazos establecidos e será sometida á Comisión Informativa correspondente e ao Pleno para o seu debate.

O **Sr. López Bueno**, en relación á solicitude dun vendedor ocasional para vender durante o pasado fin de semana, non obtendo resposta por escrito, xa que o Encargado da Praza se puxo en contacto con esta persoa para indicarlle que podía acceder ao mercado para realizar a súa actividade de venda o sábado, porque o domingo non se ía a abrir o Mercado; sen embargo o solicitante achegouse o domingo ao mercado observando que este estaba aberto para a realización de actividades de venda. Polo manifestando, pregunta como se están a xestionar estas solicitudes para a venda esporádicas na praza de abastos, así como foi o motivo polo que se lle denegou ao nomeado vendedor a posibilidade de realizar a súa actividade o domingo pasado.

O **Sr. Alcalde** responde que descoñece esa información, aínda que cre que o domingo a praza de abastos non abriu.

O **Sr. López Bueno** di que ten sentido que estivera aberta por ser unha data especial, sobre todo para a recollida de flores.

O **Sr. Alcalde** di que consultará este tema e se lle dará traslado da información obtida, reiterando que non ten coñecemento que o domingo a o mercado fora aberto.

O **Sr. López Bueno** pide que investiguen sobre este tema e que revisen o procedemento para a concesión destes permisos esporádicos para evitar este tipo de conflitos.

Pregunta se ao grupo de goberno lle consta a modificación da caudal de determinados regatos que pasan polo casco urbano, en concreto a parte da atrás do proxecto de urbanización da Avda de Pontevedra e Avda de Vigo, e da ampliación do cemiterio.

O **Sr. Alcalde** di que non ter porque constarlle sobre as desviacións de caudal, xa que non é competencia municipal.

O **Sr. López Bueno** di que os técnicos municipais teñen a obriga de vixiar ese tipo de cuestión cando hai un desenvolvemento urbanístico ou una obra, polo tanto, sen non teñen constancia diso agora xa a teñen, e, no caso de non haber informe ao respecto, lles aconselle que o soliciten xa que, en caso de omisión, o seu grupo si o pedirá; ademais, considera que se deben tomar as medidas pertinente por ser cuestións que se ven a simple vista.

O **Sr. Alcalde** lle informa que iso é competencia de Augas de Galicia, e se quere pedir un informe ao respecto terá que facelo ante ese organismo. Di que o que si sabe é que no proxecto de urbanización da Avda de Pontevedra houbo un desvío temporal desas augas para facilitar as obras que se están a facer, e o equipo técnico municipal se lles trasladou que, rematadas as obras, tiñan que devolver esas augas ao seu leito normal, algo que xa o fixeron.

En canto ao tema do cemiterio, é sabedor que houbo un conflito entre unha



persoa que se opoñía á súa ampliación e que, no seu momento, foi obxecto de xuízo, recorrendo, entre outros argumentos, ás talas de árbores e o desvío das augas dun regato que por alí transcorre, pero ese tema xa foi resolto nun xuízo, habendo unha sentenza que avala as obras de ampliación do cemiterio que se fixeron.

Finalmente, aconsella ao voceiro socialista que, en caso de ter algunha dúbida, que acuda a Augas de Galicia, porque o Concello non ten competencia nesta materia.

Continúa o **Sr. López Bueno** di que lle pedirá información a Augas de Galicia, pedindo que o grupo de goberno investigue se entra ou non dentro das dúas competencias, porque a dirección técnica das obras lles correspondente ao Concello.

O **Sr. Alcalde** lle informa que se tratan de obras privadas e, polo tanto, a dirección técnica lle corresponde aos promotores executores das obras.

O **Sr. López Bueno** agradece a celeridade do Concello á hora de resolver o problema existente no punto de recollida de lixo da carballeira de Codeseda. E, sobre o contrato de recollida de lixo, pregunta se se ten previsto sacalo con prontitude e se teñen previsto recollelo no Orzamento para o ano 2022.

Responde o **Sr. Alcalde** que estamos ante un contrato que hai que sacar adiante con prontitude, de feito fai uns días chegounos unha primeira valoración económica do que suporía a integración do servizo de recollida de lixo no seu conxunto (selectiva, RSU, xestión do Punto Limpo, recollida porta a porta e limpeza viaria) e, actualmente, se están perfilando algúns aspectos de cara a súa licitación e co fin de intentar poñelo en marcha antes do final de ano. Quere aclarar que este é un tema que está dentro das urxencias do grupo de goberno en materia de contratación.

Inicia a súa quenda a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para, en primeiro lugar, pregar que, mentres non se poña en funcionamento o servizo de recollida de lixo, se fixera o esforzo de melloralo temporalmente, porque afirma que este servizo non se está a prestar debidamente, de feito en Codeseda é habitual ver os contedores cheos de lixo, algo que tamén sucede no casco urbano cos contedores de lixo selectivo.

Pregunta se cambiaron as condición do terreo da zona de aparcamento sita na Avda de América, onde constaba que existía un prazo para, en caso de non ser urbanizado, o Concello tería que proceder ao pagamento do alugamento do nomeado terreo cedido.

O **Sr. Alcalde** lle responde que o contrato co dono do terreo foi modificado a consecuencia da necesidade de aplicar a nova lexislación de arrendamentos rústicos, polo tanto as condicións son as mesmas, co mesmo importe e os mesmos prazos. Di que o Concello ten moi avanzado o plan parcial nese ámbito, sendo a idea continuar coa tramitación, esperando que a principios do ano que ven se poida aprobar inicialmente o Plan Parcial e, a partires de aí, seguir cos trámites do procedemento; mentres tanto a partires do ano 2021 se terá que pagar un arrendamento ao propietario do terreo en concepto de alugamento deses case



sete mil metros cadrados e que anda en torno a trinta mil euros anuais; ou ben optar pola rescisión deste contrato. Finalmente, di que na actualidade non houbo ningún tipo de cambios dese contrato.

Continúa a **Sra. Blanco Casais** preguntando, en relación á concesión de axudas de emerxencia social, cantas persoas son usuarias do Banco de Alimentos, se se puxo en marcha a Tarxeta Moedeiro, canto se tarda en responder ás demandas do RISGA e se o Concello, nese tempo intermedio, ten capacidade para axudar ao pagamento de alugamento, de luz e de auga destas familias necesitadas. Di que, en caso de non poder responder neste momento a estas preguntas, lle gustaría que lle facilitara a información por escrito.

Lle contesta o **Sr. Alcalde** que non sabe cal é o número exacto de casos, pero o pode obter en calquera momento da Concelleira delegada de Benestar Social. En canto ao RISGA é unha tramitación allea ao Concello, este o que fai e iniciar a tramitación para trasladarlla posteriormente ao organismo competente para que proceda a iniciar o procedemento de tramitación do ingreso mínimo vital.

En canto ao tempo de resolución das axudas de emerxencia social, lle informa que son practicamente inmediatas, de feito Servizos Sociais ten a norma de atender este tipo de cuestións coa máxima prioridade; sen embargo existen solicitudes de persoas que xa están a percibir algún tipo de ingresos ou axudas (como o RISGA o tarxeta moedeiro) e se lles denega por non existir incompatibilidade.

Informa que se ten detectado incremento nas solicitudes do Bono Social ou Eléctrico; tamén de existencia de persoas que por estar percibindo o RISGA lle resulta un impedimento para obter outro tipo de axudas, pero é que a Lei así o establece, así que dende o Concello inténtase que, en caso de emerxencia, resolver problemas como a falta de alimentos, pagamento de aluguer, etc.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen inicia a súa quenda preguntando sobre en que situación se atopa a reclamación á Deputación Provincial para que arranxe a pista que vai de Guimarei a Vinseiro, porque ofrece perigo aos condutores.

O **Sr. Alcalde** lle di que a actuación feita pola Deputación sobre ela foi razoable, detectándose que nalgunhas zonas existe algún talude que pode xerar perigo, o que lle foi trasladado verbalmente ao persoal encargado da Deputación para que solucionasen este problema e que colocasen garda raís no tramo do cruce a Vinseiro, os cales contestaron que ían a estudar antes de rematar a obra. En canto ao tema do ancho da vía e da súa drenaxe, non entra dentro da actuación que se está a facer nesa vía, ademais sería complicado porque procedería a apertura dun procedemento de expropiación, pero sabe que a Deputación está a buscar solucións, sobre todo ao final desta pista e que sae á N-640.

A **Sra. Camba Castro** di que o problema non está na capa de rodadura, xa que esta está arranxada, senón máis ben por eses puntos conflitivos para a seguridade viaria.

Pregunta cando se vai a acometer a obra para a traída de auga a Tabeirós e Nigoi.

O **Sr. Alcalde** responde que a obra está adxudicada fai tres semanas a





PETROLAN, estando neste días no proceso de adjudicación da dirección de obra, e a empresa está pendente de que a Xunta de Galicia llo comunique para ter a primeira reunión con este Concello e fixar o calendario de inicio de obras. Unha vez se fixe o calendario, se manterá unha reunión coa veciñanza afectada para informarlles sobre as obras e a planificación dos enganches de cada vivenda.

Continúa a **Sra. Camba Castro**, pregunta sobre como van as negociacións para mellorar a recepción da sinal de televisión en certas parroquias de Codeseda, Souto e Arca.

Responde o **Sr. Alcalde** di que existe un informe emitido por RETEGAL onde explica que existen dúas alternativas, unha é recolocar o poste 50 metros máis arriba da súa actual ubicación (onde non existe terreo público) e que non será garantía que sexa efectivo dentro de catro ou cinco ano cando creza a masa forestal, e a segunda é a colocación dunha torre de máis de 30 metros de altura e que supón un custo desmesurado e non sostible polo Concello; tamén existe unha terceira opción que é a colocación dun receptor dixital para a conexión vía satélite e que ten un custo en torno a 120 euros, alternativa máis axeitada e que se está a valorar nestes momentos.

Para finalizar a **Sra. Camba Castro** traslado o rogo dalgúns veciños e veciñas para que se puidera acceder ás instalacións da praia fluvial durante todo o ano.

O **Sr. Alcalde** contesta que este ano o Obradoiro de Emprego está a acondicionar os espazos de zonas verdes da praia fluvial dentro das súas prácticas previstas ata o mes de xuño do ano que ven, polo que se consideraba mellor pechar estas instalacións ata que estes traballos remataran, e se fora posible acometer a obra de mellora das edificacións existentes nesta zona, poderíase activar a parte de hostalaría e permitir que este espazo estivera aberto durante todo o ano; pero, este ano en concreto, non poderá ser por, como dixo antes, estar os alumnos do Obradoiro de Emprego traballando alí.

Non habendo máis intervencións polas Concelleiras e Concelleiros asistentes a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.





De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4PY4ZDD56GLYTQNFPGS4S9QK3 | Corrección: <https://aesstrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 16

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233